REQUISITOS TÉCNICOS PARA A PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA DE SOLICITUDES, ESCRITOS E COMUNICACIÓNS

Con carácter xeral, os requisitos técnicos dos procedementos para a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións varían en función do sistema operativo utilizado:

S.O. Windows (probado con Windows 7/10)

- Debe empregar un dos seguintes **navegadores**: Internet Explorer (na súa versión 11), Firefox ou Chrome
- Debe empregar un dos seguintes **sistemas de sinatura electrónica**:
  - Certificado electrónico instalado no navegador ou DNI ou outro certificado sobre tarxeta sempre que teña instalado Autofirma para Windows (**32 bits** ou **64 bits**). Pode descargar aquí o **manual de instalación**

S.O. MAC (probado con OSX 10.11)

- Debe empregar un dos seguintes **navegadores**: Safari, Firefox, Chrome
- Debe empregar un dos seguintes **sistemas de sinatura electrónica**:
  - Certificado electrónico instalado no navegador ou DNI ou outro certificado sobre tarxeta (só con Firefox) sempre que teña instalado **Autofirma para MAC**. Pode descargar aquí o **manual de instalación**

S.O. Linux (probado con Ubuntu 11.04)

- Debe empregar un dos seguintes **navegadores**: Firefox ou Chrome
- Debe empregar un dos seguintes **sistemas de sinatura electrónica**:
  - Certificado electrónico instalado no navegador ou DNI ou outro certificado sobre tarxeta (só con Firefox) sempre que teña instalado **Autofirma para Linux**. Pode descargar aquí o **manual de instalación**

Requisitos comúns

- Con independencia do procedemento, se fose necesario xuntar algún documento, este deberá axustarse aos seguintes formatos: .pdf. En calquera caso non se deberá superar o límite de tamaño establecido para o conxunto de ficheiros, que será de 50 MB (xa sexan un ou máis ficheiros). Consulte **"Como podo presentar documentos de gran tamaño ou noutros formatos?"**
- Algúns antivirus non permiten a utilización do certificado electrónico por parte da aplicación de sinatura Autofirma. Se, despois de comprobar que o seu certificado electrónico é válido (pode facelo **nesta ligazón**), tivese problemas para realizar a sinatura electrónica, revise a configuración do seu antivirus e volva a intentalo.

Lembre que, para calquera procedemento que vaia realizar serán a **data e hora oficiais** que aquí se sinalan, e non as do equipo desde o cal se efectúa o trámite, as que teñen validez legal.